



CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do tribunal avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dun posto de AUXILIAR DE BIBLIOTECA en desenvolvemento da OEP 2018 (Expediente número 2021 BIBL000001),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 9:30 horas do día 29/03/2023, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na **"ACTA NÚMERO 2.- Resolución das alegacións presentadas ó primeiro exercicio da oposición e convocatoria para a realización do segundo exercicio"**.

(...) O obxecto da constitución do Tribunal Avaliador é a resolución das alegacións presentadas por algúns dos/as opositores deste proceso selectivo á realización e resultado do primeiro exercicio da oposición.

A tal efecto consta a presentación das seguintes alegacións:

1ª.- Escrito presentado por **Brais Calles Alonso**, con DNI número ***6532**, rexistrado de entrada na data 09/12/2022 co número 202200023766, no que solicita que o tribunal proceda á valoración dos seguintes feitos:

- **Pregunta número 44:** deuse como correcta a resposta B ("*Catalogación compartida*"), figurando na opción de resposta A o termo "*Catalogación cooperativa*", sendo ambos termos empregados e aceptados como sinónimos, polo que ambas opcións de resposta poderían ser válidas, sendo en todo caso lixeiramente máis axeitado para o concepto que define o enunciado da pregunta o termo "*Catalogación cooperativa*", polos matices que a diferencian da compartida.
- **Pregunta número 29:** non corresponde co temario publicado xunto as bases da convocatoria.
- **Pregunta número 32:** deuse por correcta a resposta D ("*Todas as respostas son correctas*"). Sen embargo a opción de resposta C ("*1973, no que se adhire España á Axencia do ISBN, garantindo a existencia de 5 exemplares en depósito*") non pode ser valorada como correcta, dado que España uniuse ao sistema ISBN no ano 1972, sendo establecida a súa obrigatoriedade polo Decreto 2984/1972 de 2 de novembro, publicado no BOE nº 265 do 2 de novembro de 1972, a data 1973 referida na opción C non debería ser considerada correcta. Adicionalmente esta obrigatoriedade foi derogada polo Real Decreto 2063/2008 do Ministerio de Cultura sobre o ISBN, publicado no BOE número 10, do 12/01/2009, co cal "*a existencia de 5 exemplares en depósito*" non estaría garantida para exemplares de publicación posterior a esa data.
- **Pregunta número 14,** deuse como correcta a opción de resposta B ("*070.36*"). Este código 070.36 aparece na páxina 80 da 2ª "*Edición abreviada de la Norma UNE 50001:2000*" de 2004 autorizada por AENOR como "*Departamento de publicidad. Asuntos relacionados con las columnas de anuncios, anuncios sueltos, etc*", sen referencia algunha ás columnas de prensa xerais máis alá das estritamente publicitarias.
- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54** fan referencia a conceptos que son representados nas táboas principais da CDU con códigos de cinco e seis díxitos,



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





que para a escolla da resposta correcta deberían ser recoñecidos entre outros códigos moi semellantes, tamén de entre cinco e seis díxitos. A exigencia deste nivel de coñecemento das táboas principais da CDU é desproporcionado ás funcións que corresponden ó persoal auxiliar de biblioteca.

- **Preguntas números 12 e 51**, teñen por obxecto dúas numeracións específicas que supostamente corresponden a dous informes determinados do sistema Koha, sinalando como correcta a opción de resposta C para a pregunta número 12, e a opción de resposta B para a pregunta número 51. Sen embargo unha busca nas principais fontes de información dispoñibles sobre este sistema non revela información algunha relacionada con ningunha destas dúas numeracións concretas de informes Koha, o que fai cuestionar se estes dous códigos responden realmente a numeracións normalizadas cun uso común dentro do sistema ou polo contrario son froito dunha asignación realizada para informes personalizados específicos, coñecidos nun ámbito reducido.

2ª.- Escritos presentados por **Sabela Lozano Luengo**, con DNI número ***3114**, rexistrados de entrada nas datas 29/11/2022 e 08/12/2022 cos números 202200023002 e 202200023657 respectivamente, nos que expón a súa desconformidade coas preguntas que se indican a continuación e solicita a resolución da súa reclamación:

- **Pregunta número 12:** No *“Manual de informes estatísticos para bibliotecas integradas no catálogo da rede”* publicado no portal web da Rede de Bibliotecas de Galicia, e nas súas versións anteriores, así como no apartado do citado portal *“Recursos para profesionais”- “Tratamento de persoas usuarias”* non figura ningunha información acerca de como se especifica nin que tipo de informe concreto se utiliza no sistema de xestión bibliotecaria Koha para recoller o *“dato de usuarios totais por sexo, sen escoller categoría”*. Polo que solicita coñecer a fonte de información na que se basea a pregunta e se esta é accesible polo público xeral así como a súa anulación.
- **Pregunta número 16:** Na obra *“Diccionario de bibliología y ciencias afines”* de José Martínez de Sousa, edición de 1993, defínese edición falsa como *“edición que se realiza sin la autorización del autor o editor”* levando aos conceptos sinónimos de *“edición clandestina”, “edición bastarda”, “edición fraudulenta”, “edición furtiva”, “edición ilícita”, “edición pirata”*. Como segunda acepción o citado diccionario recolle *“Edición efectuada solapadamente, sin autorización oficial”*. Polo que solicita coñecer as fontes de información na que se recolle que edición falsa é *“A que é unha copia dunha edición orixinal”*, que é a resposta que se da por válida, así como a anulación da pregunta.
- **Pregunta número 18:** A plantilla de respostas da como correcta a opción B (*“Unha mención entre corchetes da lingua do centro catalogador”*). Segundo a regra 7.3.3 B das Regras de Catalogación españolas, edición de 1999: *“Cando non aparece na publicación unha mención específica do formato de música impresa, pódese engadir, entre corchetes, unha mención na lingua e/ou escritura da fonte principal de información ou na lingua e/ou escritura do centro catalogador”*. A incorrecta utilización da preposición na transcripción da resposta no cuestionario invalida o sentido da resposta que se da como correcta, polo que se solicita que a resposta correcta sexa a D, ou se anule a pregunta.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- **Pregunta número 20:** Solicita que se achegue literatura profesional ou bibliografía sobre a pertinencia de aplicar a “*obsolescencia diasincrónica*” (opción de resposta dada como correcta) como método para valorar o expurgo dun documento, así como a anulación da pregunta, porque para algúns autores este concepto considérase ambiguo xa que se confunde: obsolescencia/caducidade; obsolescencia da información/obsolescencia do documento. E para outros, o concepto de obsolescencia está mal definido, posto que permite asociar nunha mesma categoría distintos tipos de documentos: primeiras edicións dos manuais; documentos que van quedando desfasados na ensinanza.
- **Pregunta número 22:** Solicita bibliografía profesional sobre o concepto de “*índice de importancia*” (que é a opción de resposta que se da como correcta nesta pregunta), así como as directrices ou recomendacións profesionais que indiquen que se utilizará este índice de importancia para acometer expurgacións de publicación periódicas, así como a anulación da pregunta, por canto na literatura especializada sobre bibliometría fálase de “*cuartil*” ou “*tercil*” como índices que serven para mostrar a posición dunha revista, a súa importancia relativa dentro do conxunto das revistas da súa área de coñecemento, partindo de indicadores de impacto. Os índices de impacto son instrumentos para comparar e avaliar a importancia relativa dunha revista determinada dentro dun mesmo campo científico en función do promedio de citas que reciben os artigos publicados na mesma durante un período determinado, sendo o mais coñecido e utilizado en bibliometría o Factor de Impacto (FI). Así mesmo e segundo documento publicado polo Grupo de Traballo de Selección Bibliográfica Cooperativa do Consello de Cooperación Bibliotecaria en xaneiro de 2010 “*Pautas para establecer una política de colecciones en una biblioteca pública*”, o expurgo terá en conta os seguintes criterios xerais descritos na bibliografía profesional: Criterios obxectivos: antigüidade, duplicidade, uso, accesibilidade, listas recomendadas, redundancia; Criterios subxectivos: deterioro, calidade e actualidade da información, adecuación ao conxunto da colección. Concretamente no referente ás publicacións periódicas, valorárase o estado material das coleccións e si están completas ou non, a dispoñibilidade noutro tipo de soporte e a existencia noutras bibliotecas (sobre todo se é edición electrónica).
- **Pregunta número 30:** Solicita que nesta pregunta a resposta correcta é a opción D (“*Ningunha resposta é correcta*”), en lugar da opción C (“*Bibliotecas tripartitas*”), porque segundo dispón o artigo “*Gallo-León, José-Pablo (2018). Los cuatro espacios: un modelo para la organización física de la biblioteca*”: “*Esta división de la biblioteca en cuatro espacios no puede dejar de recordar al tradicional modelo de biblioteca tripartita: depósito + zona de trabajo interno + sala de lectura (...)*”

3ª.- Escrito presentado por **Concepción Poveda Arnejo**, con DNI número ***8078**, rexistrado de entrada na data 04/12/2022 co número 202200023344, no que solicita a anulación do exame ó entender que o nivel das preguntas formuladas non se axusta á praza obxecto da convocatoria, pertencente ó grupo IV, sendo mais propio dun grupo A1.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

4ª.- Escrito presentado por **Gloria López Méndez**, con DNI número ***0490**, rexistrado de entrada na data 02/12/2022 co número 202200023284, no que solicita a publicación da nota numérica da persoa que aprobou o primeiro exercicio da oposición, e a revisión do exame por funcionarios ligados ó mundo bibliotecario porque non se adecúa ó nivel de auxiliar, con preguntas sobre números específicos da CDU ou códigos de Koha para a realización de informes, labores que en ningún caso realiza un auxiliar senón un funcionario do grupo A1 ou A2.

5ª.- Escrito presentado por **Mariña López Varela**, con DNI número ***3830**, rexistrado de entrada na data 01/12/2022 co número 202200023222, no que solicita que se rectifique o erro na publicación das cualificacións outorgadas, se anulen as preguntas referidas a continuación computando as preguntas de reserva, así como a anulación e repetición da proba ó ser insuficientes ás preguntas de reserva respecto das que se solicita a súa anulación:

- **Preguntas número 23 e 31:** Fan referencia ás axudas que a Xunta de Galicia outorga a bibliotecas e programas de lectura. Nas bases da convocatoria non existe ningún tema que faga referencia á temáticas destas preguntas.
- **Pregunta número 41:** As catro opcións de resposta que se dan a esta pregunta son correctas segundo o indicado nos apartados f), g), h) e i) do artigo 10.2 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia.
- **Preguntas números 11, 12, 13 e 51:** O Sistema Integrado de Xestión de Bibliotecas (SIGB) KOHA, aparece no tema 14 das bases da convocatoria. Este sistema conta cunha Intranet, de acceso único para o persoal bibliotecario, e un OPAC, acceso para todos os usuarios. As preguntas enumeradas fan referencia a unha parte da intranet á que os opositores non teñen acceso, é información de uso interno da Rede de Bibliotecas de Galicia. Non existe información pública á que os opositores poidan acceder.
- **Preguntas números 14, 15, 36, 42 e 54:** A CDU na súa versión abreviada ten 941 páxinas, formadas por milleiros de etiquetas e categoría (números de clasificación), que ningún bibliotecario sabe de memoria, moito menos un auxiliar de biblioteca que non ten como tarefa propia clasificar o fondo. Considérase que estas preguntas están fora do nivel e tarefas esixidas ó posto obxecto da convocatoria.

6ª.- Escrito presentado pola **Asociación de profesionais dos Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (BAMAD Galicia)**, con CIF número ***1538**, rexistrado de entrada na data 01/12/2022, co número 202200023221, no que expón o seguinte:

- Que non se cumpriu con algún dos requisitos da convocatoria como o recollido na Base 8ª, referido a que non aparece a cualificación da única persoa que superou o proceso selectivo.
- Que con sistema empregado de folia de respostas única, sen copia das respostas para os participantes no proceso e no modo en que se recolleu o exame, non se garante a anonimización das respostas e que estas non podan ser modificadas con posterioridade, e dificultase a realización de reclamacións sobre as preguntas así como a comprobación da corrección das mesmas.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::

2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- Preguntas relacionadas co proceso de catalogación, como cuestións relativas aos encabezamentos de autoridades e materias e os números concretos da CDU, non se corresponden cos coñecementos nin cas tarefas que debe realizar un auxiliar de biblioteca.
- As preguntas relativas ao Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria Koha como a realización de informes e estatísticas, tampouco son labor dun auxiliar de bibliotecas e exceden os coñecementos requiridos para esta praza.
- Botan en falla que no tribunal non houbese ninguén con coñecementos de bibliotecas.

7ª.- Escrito presentado por **Luis Eduardo Froiz Casal**, con DNI número ***4539**, rexistrado de entrada na data 01/12/2022 co número 202200023190, no que solicita que se rectifique o erro na publicación das cualificacións outorgadas, se anulen as preguntas referidas a continuación computando as preguntas de reserva, así como a anulación e repetición da proba ó ser insuficientes ás preguntas de reserva respecto das que se solicita a súa anulación:

- **Preguntas número 11, 12, 13 e 51:** Están fora do temario por ser información de uso interno á Rede de Bibliotecas de Galicia e non existir documentación pública desde a que as persoas opositoras poidan acceder.
Os IDs (ou nº de identificación) dos informes non son parte esencial do programa en relación ao informe, senón da programación que fixo a Rede ao deixar informes xa predeseñados para o traballo dos bibliotecarios da rede.
- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54:** Están fóra do nivel esixible no exame ao propor número da CDU de categorías moi específicas. Non é de recibo aprender as máis de 900 páxinas que contén a versión abreviada da CDU sendo esta unha clasificación que dá valores arbitrarios ás categorías. De feito, por iso mesmo se edita e é necesaria como documento de consulta para a clasificación no traballo bibliotecario. Outra cousa sería se nas respostas se puidese inducir a través da categoría principal, de auxiliares ou se se tratase de categorías comúns, como por exemplo a 087.6, correspondente a "Obras populares. Literatura de quiosco. Cómic.", que si é unha categoría que se atopa nunha biblioteca municipal e por tanto non especializada como a de Ribeira, ou como ocorre na pregunta 14, onde se pregunta por "*columnas de prensa*" e é asumible ao saber que prensa é o 070, sendo esta outra categoría esencial nunha biblioteca pública municipal. Non ocorre o mesmo con "*arquitectura de pontes e viadutos*", "*contratos de herdanza*" "*leis da evolución das especies*" ou "*escepticismo filosófico*".
- **Pregunta número 16:** A pregunta é ambigua, non se especifica en relación a que criterio se refire a nomenclatura "*edición falsa*", que é un termo non empregado comunmente nos manuais de biblioteconomía e cun significado moi aberto.
- **Pregunta número 18:** Segundo as normas de catalogación ISBD, a mención entre corchetes é NA lingua do centro, non DA lingua do centro. Isto cambia substancialmente o significado da frase, por tanto a resposta correcta sería a D. Solicita a substitución da resposta dada por correcta pola opción D.
- **Pregunta número 19:** A pregunta non especifica a que normas de catalogación se refire. Non sería igual catalogalas en ISBD, que nas Regras Españolas (1999), que en RDA. A enumeración de catro trompas contradí o expresado no título,



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::

2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





onde se refire a un instrumento solista. Nas respostas B e C estase a falar de instrumentos dobrados.

- **Pregunta número 20:** Segundo diversa documentación que enumera nas súas alegacións, entende que calquera das posibilidades sería útil como método para expurgar e cambiar por medios máis innovadores e axeitados, o que implicaría a anulación da pregunta por múltiples respostas ou, como moito, dando por válida a opción A ou a opción C por ser as que máis autores semellan asumir como existentes.
- **Pregunta número 22:** A dependencia que outras revistas teñen dunha é o índice de posición relativa, non o índice de importancia. Isto pódese apreciar nas páxinas 51 e 52 do artigo de Salvador Gorbea-Portal e Carlos A. Suárez-Balseiro “Análisis de la influencia y el impacto entre revistas periféricas no incluídas en el Science Citation Index”, onde vemos que o índice de importancia non compara o número de citas que a revista fai do grupo, senón do número total de citas a revistas pertencentes ou non ao grupo. Porén, no índice de posición relativa si o fai en relación ao conxunto. Partindo deste base, ningunha das resposta é correcta, o cal levaría a considerar a resposta D como correcta. Solicita a substitución da resposta dada como correcta pola resposta D.
- **Preguntas número 23 e 31:** Están fóra do temario das bases do proceso selectivo, ao non ser documentación referente a ningunha das leis nin ao funcionamento da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- **Pregunta número 24:** Dúas das respostas son ambiguas e anulan entre si os criterios á hora de establecer a pregunta. A resposta dada como correcta, a A, é parcialmente errónea porque fala de audiovisual en xeral, cando o ISRC só se emprega para audiovisual en canto se trate dun apoio musical, é dicir, no caso de tratarse dun videoclip. A resposta C tamén é ambigua, xa que si o autor é o rexistrante, si se incluíría.
- **Pregunta número 30:** O enunciado é confuso. O habitual na nomenclatura dos diferentes graos de acceso é ambigua e non utilizada de xeito habitual ao falar de bibliotecas tripartitas.
- **Pregunta número 32:** A entrada na Axencia do ISBN en 1973 non afecta a ningún criterio para poder prestar (ou non) un libro. A entrada do Depósito Legal en 1958 si, aínda que non implica a exclusión do préstamo, e a consideración de Libro antigo tamén. Considérase que a resposta correcta sería a A, ou ningunha das catro posibles.
- **Pregunta número 35:** Segundo a especificación marcada no Ministerio de Cultura e Deporte no apartado 16.6.5, vese que a resposta D é correcta ao comparala cos exemplos.
- **Pregunta número 41:** A resposta dada como correcta, a C, é incorrecta, xa que o artigo 10 i) da Lei 5/2012 di que é función da Biblioteca de Galicia “Xestionar e facilitar o acceso ás obras duplicadas e procedentes da expurgación das bibliotecas que integran o Sistema Galego de Bibliotecas, segundo os acordos e a normativa establecidos para tal efecto.” Por tanto, todas as respostas corresponden ás funcións da Biblioteca de Galicia.
- **Pregunta número 46:** Dentro das normas ISBD, a área 1 denomínase “Título e mención de responsabilidade” e non só “Título”. Con esa ambigüidade atopamos





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

dúas posibles respostas, aínda que “Autoridade” é unha resposta menos correcta que “Título”, que é correcta mais só parcialmente.

- **Pregunta número 49:** A resposta é ambigua xa que non especifica dende onde temos que usar unha posible definición. A IFLA considéraas como Bibliotecas de investigación, mais asumindo que a fonte é a Lei 7/2012, no artigo 3, 1.2, b) establece que será así *“salvo que sus titulares voluntariamente no limiten el acceso a sus fondos”*.
- **Pregunta número 53:** A resposta correcta é ambigua, xa que fala dos temas ordenados de xeito descendente pero non especifica en relación a que. Coa resposta dada podería entenderse por orde de CDU, alfabética ou calquera outra orde descendente posible. Por outro lado, o índice de Pratt en relación ao expurgo é un método pouco útil, xa que seguindo o propio artigo no que Pratt o propuxo, axúdanos soamente *“a coñecer que publicacións contribúen nas dúas direccións á hora de cubrir unha materia”*.
- **Pregunta número 55:** O feito de que a resposta D non inclúa a frase subordinada que si inclúe a A non a converte nunha resposta falsa. Polo tanto, ambas serían correctas. Isto reflíctese no comentado respecto á pregunta 46, onde se daba por válida unha resposta incompleta.

8ª.- Escrito presentado por **Dª Susana Varela García-Amorena**, con DNI número ***9758**, rexistrado de entrada na data 01/12/2022 co número 202200023188, no que expresa a súa queixa ó considerar que o cuestionario é de extrema dificultade e non se suxeita ó temario recollido nas bases reguladoras do proceso selectivo.

9ª.- Escrito presentado por **Dª Elena Paz González**, con DNI número ***9613**, rexistrado de entrada na data 01/12/2022 co número 23.160, no que expón que as preguntas do exame non se corresponden á categoría esixida na convocatoria. Cita como exemplo as preguntas referentes ó KOHA xa que non se corresponde co traballo dun auxiliar coñecer o número de todos os informes KOHA, ou as preguntas referentes á CDU, xa que tampouco se corresponde co traballo dun auxiliar coñecer as cifras completas de todas as clasificacións que integran a CDU. Estaríase así a vulnerar os artigos 49, 55 e), 56 e 61.2 do TREBEP, polo que solicita a repetición da proba e a publicación das notas co tradicional sistema numérico de puntuación do aspirante aprobado.

Así mesmo, alega que as respostas a algunhas das preguntas do exame non están accesibles para o público xeral, só si traballas desde dentro coas claves KOHA poderías ter acceso á súa resposta, como por exemplo en relación á pregunta número 12.

10ª.- Escrito presentado por **D. Juan Luis Amado Quinteiro**, con DNI número ***1363**, rexistrado de entrada na data 30/11/2022 co número 202200023123, no que solicita que se anulen as preguntas referidas a continuación, e ó exceder o número de preguntas nulas das cinco recollidas na reserva, solicita que se repita o exame adecuándose o mesmo á categoría da praza que se convoca:

- **Pregunta número 2:** A pregunta non especifica a qué tipo de comisión se refire. Existen comisións permanentes lexislativas, comisións non permanentes e comisións permanentes non lexislativas con composicións variables. En canto á composición das Comisións de Investigación, nada di de forma específica o





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

regulamento do Parlamento Galego, polo que é preciso acudir ó seu artigo 40, no que establece que as Comisións están formadas polos membros que designen os Grupos Parlamentarios, no número que indique a Mesa, oída a Xunta de Voceiros e en proporción á importancia numérica daqueles na Cámara. Na mesma norma establécese que todos os Grupos parlamentarios teñen dereito a contar, como mínimo, cun representante en cada Comisión.

- **Preguntas número 23 e 31:** Están fóra de temario. Non son obxecto da convocatoria nin as axudas percibidas polas entidades locais para programas de dinamización lectora (pregunta 23) nin as axudas percibidas polas bibliotecas públicas locais (pregunta 31) segundo as normas vixentes (normas que tampouco están na convocatoria). Ademais, tendo en conta que son axudas periódicas anuais, a non referencia ó ano concreto fan imposible a súa resolución.
- **Preguntas número 11, 12, 13, 21, 26 e 51:** Fan referencia a manuais de KOHA que son de imposible acceso para non profesionais. Este manual, co grado de detalle que se esixe nas preguntas, só está dispoñible en <https://rbgalicia.xunta.gal/es> no portal de profesionais, que non permite o acceso se non estás traballando nunha biblioteca pública de Galicia ou traballastes nela, polo que se vulnerarían os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54:** Estas preguntas son irresolubles manexando a CDU abreviada de 2016 publicada por AENOR, polo que contestalas de forma acertada implicaría o uso dunha CDU profesional só accesible a través do portal de biblioteca profesional da Xunta de Galicia, a disposición unicamente para profesionais que exerzan ou tiveran exercido nunha biblioteca pública, vulnerando os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- **Preguntas número 18, 19, 25, 27, 35 e 37:** Estas preguntas son propias dun A1 ou A2, pero non dun C2, xa que en ningún caso as funcións dun auxiliar de biblioteca son catalogar.

11ª.- Escrito presentado por **D. José Manuel Sío Docampo**, con DNI número ***1109**, rexistrado de entrada na data 30/11/2022 co número 202200023122, no que solicita que sexan atendidas as alegacións ás preguntas referidas a continuación e que sexan publicadas as cualificacións do aspirante que superou o primeiro exercicio:

- **Pregunta número 2:** Solicita que a resposta que se considera correcta sexa a opción A, en lugar da opción D, en base ó artigo 12.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia que di “*Os Grupos Parlamentarios participarán en todas as Comisións en proporción ao número dos seus membros.*”
- **Pregunta número 12:** Solicita que a pregunta sexa anulada xa que os informes do sistema KOHA adoitan ser personalizados, e a Rede de Bibliotecas de Galicia ten publicado un Manual de Informes Estatísticos para Bibliotecas integradas no Catálogo da Rede. Este é o documento de referencia que a Rede de Bibliotecas de Galicia ofrece de maneira pública para coñecer a xestión dos informes estatísticos do Sistema Koha empregado nas bibliotecas da Rede, e no que non hai mención a ningunha das opcións dadas como respostas, do que se podería desprender que tales informes non son de uso na Rede de bibliotecas. Na práctica resulta imposible para calquera candidato coñecer que datos recollerían os informes mencionados na pregunta sen acceso ao propio sistema KOHA empregado na Rede de Bibliotecas, o cal podería afectar á igualdade de



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::

2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





oportunidades do proceso selectivo. Solicita, así mesmo, coñecer a fonte que xustifica a resposta e se tal fonte é de acceso público.

- **Pregunta número 16:** Solicita que a resposta considerada como correcta sexa a D), pois o termo referido na pregunta (“edición falsa”) non constitúe un termo específico e unívoco de uso común na biblioteconomía, ao aludir a múltiples realidades. Solicita que se publique a fonte da definición dada no exame e considerada correcta na plantilla.
- **Pregunta número 18:** Solicita que a resposta considerada como correcta sexa a opción D), posto que ningunha das respostas se corresponden co sinalado nas Regras de Catalogación vixentes da Biblioteca Nacional de España, a edición de 1999, que no capítulo 7.3 “Área de datos específicos de música impresa” di: “*En esta área se recogen las menciones que especifican el formato musical de la obra que se describe para distinguirlo de otros formatos de la misma obra. Los datos referentes a las características físicas de la publicación se indicarán en el área de descripción física*”. É polo tanto, o formato musical da obra o que se indica nesta área da ISBD para música impresa.
- **Pregunta número 20:** Solicita a anulación da pregunta, xa que o termo “*obsolescencia diacrónica*”, que é a opción de resposta dada como correcta, é definido no “*Diccionario enciclopédico de bibliometría, cienciometría e informetría*” de UNESCO publicado en 1996 como “*(...) un tipo de obsolescencia sincrónica que mide el envejecimiento de un grupo de documentos y al mismo tiempo toma en cuenta el crecimiento de las publicaciones dentro de la disciplina que está siendo analizada.*” Así, non se corresponde co termo referido na pregunta. Da mesma maneira, ningún dos outros termos ofrecidos como resposta é definido no mencionado dicionario nos termos dados na pregunta. De feito, están relacionados, en canto que elementos de valoración para a selección para o expurgo, ao número de referencias ou citacións dos documentos desde distintos puntos de vista temporais en relación a outro grupo de documentos, e non “*medios que aparecen no documento*” como é redactado na pregunta.
- **Pregunta número 21:** Solicita que se considera como correcta a resposta A), pois tal e como é explicado no vídeo “19. Como xestionar usuarios” publicado pola Rede de Bibliotecas de Galicia na súa web e en Youtube, no momento de dar de alta a un usuario novo no sistema KOHA, é xerado un contrasinal que serve tanto para entrar na súa conta persoal do catálogo da Rede como na plataforma Galicia-Le de préstamo electrónico.
- **Pregunta número 26:** Segundo a folla de traballo para catalogación dispoñible na web da Rede de Bibliotecas de Galicia, o campo 005 non é marcado en vermello como “*obligatorio*” e é cuberto automaticamente polo sistema polo que non sería “*preciso consignalo*”, tal e como di o enunciado da pregunta. Posto que a resposta A é incorrecta (o item para as obras en francés segundo a folla de traballo é “*fre*” e non “*fra*” como sinala a opción A), da mesma maneira que a resposta B (segundo a folla de traballo mencionada, non é obrigatorio indicar a forma literaria da obra), solicita que sexa considerada como correcta a resposta D).
- **Pregunta número 32:** Solicita coñecer a fonte que xustifica a resposta correcta D).





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- **Pregunta número 34:** Solicita coñecer a fonte que xustifica a resposta correcta C).
- **Pregunta número 35:** Solicita que se considere como correcta a resposta D, pois é nesos termos que as Regras de Catalogación vixentes da BNE dispoñen a formulación do título uniforme destes documentos, no seu capítulo 16.6.5, onde di que *“el procedimiento anterior se utilizará también en el caso de un tratado, convenio, etc, suscrito por más de tres partes, cuando exista un nombre por el que generalmente es identificado”*, sendo o procedemento anterior o sinalado no 16.6.4, que indica: *“Cuando una colección de tratados, convenios, etc., que se firmaron al mismo tiempo sea conocida por un nombre colectivo, se utilizará dicho nombre como título uniforme para el encabezamiento del asiento principal, seguido, entre paréntesis, del año en que se firmaron o empezaron a firmarse los tratados.”* O exemplo dado nas propias Regras é *“Tratado de París (1763)”*.
- **Pregunta número 41:** A Lei 5/2012 de Bibliotecas de Galicia di no artigo 10.2.i que, entre as funcións da Biblioteca de Galicia está *“Gestionar y facilitar el acceso a las obras duplicadas y procedentes de expurgo de las bibliotecas que integran el Sistema Gallego de Bibliotecas”*, polo cal se podería entender que a expresión dada na resposta C (considerada como correcta) si é de feito unha función da Biblioteca de Galicia. Non obstante, a resposta A) di *“busca interrelacionar procedimientos de trabajo cos arquivos e museos de Galicia”*, o cal non constitúe en si unha *“función”* da Biblioteca de Galicia, senón que sería a maneira na que exerce a súa función de coordinación para a preservación e dixitalización do patrimonio bibliográfico galego, tal como se desprende da redacción do punto g) do mesmo artigo da Lei 5/2012: *“g) Coordinar, alentar y elaborar pautas y directrices para el tratamiento, la restauración y la digitalización del patrimonio bibliográfico gallego y para la creación de repositorios de libre acceso a la información, buscando unificar o interrelacionar procedimientos de trabajo con los archivos y museos de Galicia.”*
- **Pregunta número 51:** Solicita que sexa anulada polos mesmos motivos expostos con respecto á pregunta número 12, así como coñecer a fonte que xustifica a resposta correcta B.

12ª.- Escrito presentado por **D. Daniel Lázaro Martínez**, con DNI número ***6560**, rexistrado de entrada na data 30/11/2022 co número 202200023121, no que solicita a anulación do exame realizado e a repetición do mesmo, en base á impugnación que realiza ás seguintes preguntas:

- **Preguntas número 11, 12, 13 e 51:** Solicita a anulación das mesmas por estar fóra do temario ó ser información de uso interno da Rede de Bibliotecas de Galicia e non existe documentación públicas mediante a cal, os opositores puideran acceder a ditos coñecementos.
- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54:** Solicita a súa anulación, xa que é imposible estudar os miles de códigos numéricos da CDU. Para iso se publican as distintas edicións revisadas periodicamente, e tal e como se expoñían os exercicios non había forma de intuír a verdadeira. De forma que en este caso, nin sequera se podían deducir as respostas correctas usando as táboa principais xa que todas as respostas coinciden na súa cifra inicial, e carecían de auxiliares ou calquera outra información de axuda para a realización destes exercicios.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- **Pregunta número 16:** Solicita a súa anulación, xa que o termo “edición falsa” non se usa en biblioteconomía. Polo tanto a pregunta non detalla con claridade o criterio ó que se debe prestar atención para poder contestar correctamente, no caso de que se lle quer dar validez ó termo concreto. En todo caso non se usa e da lugar a confusión e ambigüidade.
- **Pregunta número 18:** Solicita que se dea por válida a resposta D e non a B, en base a que as normas de catalogación ISBD, entre corchetes iría unha mención NA lingua do centro catalogador, non DA lingua do mesmo centro.
- **Pregunta número 19:** Solicita a súa anulación xa que non se especifica a regra concreta de catalogación na que ampararse para esta pregunta e xa que a resposta non sería igual, non está clara. Por outro lado, a pregunta refírese a instrumentos solistas, non a unha multitude deles.
- **Pregunta número 20:** Solicita a súa anulación porque segundo diferentes autores ó consultar a documentación referente ó tema da obsolescencia e ó expurgo por outros medios mais innovadores e axeitados, enténdese que calquera dos métodos mencionados nas respostas son válidos para este fin. En concreto sería mais correcto dar por válidas as respostas A ou C.
- **Pregunta número 22:** Solicita que se dea por válida a resposta D, xa que a dependencia que outras revistas teñen dunha en concreto denomínase índice de posición relativa, pero non índice de importancia. Este último compara o número total de citas a revistas que pertencen ou non a un mesmo grupo, e por outro lado o índice de posición relativa si o fai en relación a un conxunto determinado delas.
- **Preguntas números 23 e 31:** Solicita a súa anulación porque as axudas da Xunta de Galicia ás Bibliotecas non entra no temario exposto nas Bases da convocatoria.
- **Pregunta número 30:** Solicita a súa anulación porque o enunciado é confuso. O habitual na nomenclatura dos diferentes grados de acceso é ambigua e non empregada de xeito habitual ó falar de bibliotecas tripartitas, como apunta Gabriela A. Quispe-Farfán que fala das zonas de depósito, de traballo interno e sala de lectura.
- **Pregunta número 32:** Solicita a súa anulación porque as respostas A e B serían correctas por afectar ás condicións dun posible préstamo, é dicir a cualificación do Libro Antigo e o Depósito Legal si, pero a entrada na Axencia do ISBN no 1973 non afecta ó feito da posibilidade de préstamo dun libro. Polo tanto A e B serían válidas pero C e D non o serían, polo que non é posible dar unha resposta correcta a esta pregunta.
- **Pregunta número 35:** Solicita a substitución da resposta dada como correcta, xa que segundo as Regras de Catalogación españolas publicadas polo Ministerio, dinos no apartado 16.6.5, que a resposta que mais se adapta á verdadeira sería a D.
- **Pregunta número 41:** Solicita a súa anulación porque o artigo 10 i) da Lei 5/2012 dispón que é función da Biblioteca de Galicia xestionar e facilitar o acceso ás obras duplicadas e procedentes de expurgo das bibliotecas que integran o Sistema Galego de Bibliotecas. Polo que todas as respostas serían correctas e non hai esta opción de resposta.
- **Pregunta número 46:** Solicita a súa anulación porque si ben no ISBD non hai ningunha área que se corresponda con “Autoridade”, a área 1 non se denomina



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RÍOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

“Título”, senón que se chama “Título e mención de responsabilidade” polo tanto hai dúas posibles respostas á pregunta de cal das áreas citadas non se corresponde con ISBD.

- **Pregunta número 49:** Solicita a súa anulación, porque a resposta D (que fai alusión a que B e C son correctas) é correcta agás o que dispón a Lei 7/2012 que especifica que será así agás que os seus titulares voluntariamente non limiten o acceso ós seus fondos. Polo que a pregunta quedaría invalidada.
- **Pregunta número 55:** Solicita a súa anulación porque tanto as respostas A como D serían correctas. Si ben é certo que a resposta A sería máis completa, pero como pasaba na pregunta 46 que se da por válida unha resposta incompleta, non ve xustificación algunha para que non se aplique o mesmo criterio a esta pregunta.

13ª.- Escrito presentado por **Dª Mª de los Ángeles García Couso**, con DNI número *****2911****, rexistrado de entrada na data 30/11/2022, co número 202200023084, no que solicita a anulación do exame realizado en base á impugnación que realiza ás seguintes preguntas:

- **Preguntas número 11, 12 13 e 51:** Solicita a anulación das mesmas porque as preguntas fan referencia a unha parte da Intranet do sistema KOHA á que os opositores non teñen acceso, é información de uso interno á Rede de Bibliotecas de Galicia e non existe información pública á que os opositores poidan acceder.
- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54:** Solicita a anulación das mesmas ó estar fóra do nivel esixido para o posto de auxiliar de biblioteca. Outra cousa sería si se puidese inducir a resposta a través da categoría principal, de auxiliares ou se tratase de categorías comúns, o que non é o caso.
- **Pregunta número 16:** Solicita a súa anulación porque o concepto “*edición falsa*” non aparece reflectido como termo descritivo en ningunha norma ou directriz da IFLA, da UNESCO ou a ALA, todas elas principais organizacións internacionais en Biblioteconomía e Documentación. Tampouco se fai referencia ó citado termo na normativa estatal como é a Lei 23/2011, de 29 de xullo, de Depósito Legal e a Lei 10/2007, de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, o RD 582/1989 de 19 de maio polo que se aproba o regulamento de bibliotecas públicas do Estado, nin no ámbito autonómico como é a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia. Ademais a pregunta resulta ambigua pois non se especifica en relación a qué criterio se establece o termo “*edición falsa*” que ten un significado moi amplo. En biblioteconomía emprégase o termo “*Edición apócrifa*” referíndose a aquela que se lle atribúe sen razón a un determinado autor ou aquela cuxo texto é recoñecido como falso. A pregunta 16 non inclúe en ningunha das súas catro opcións a referida definición.
- **Pregunta número 20:** Solicita a súa anulación ou a súa substitución pola opción A, xa que existen dous métodos de estudio da obsolescencia, o sincrónico e o diacrónico. O primeiro estuda o uso no pasado dunha mostra de documentos nos que a vida media sería a mediana estatística contando os anos na orde cronolóxica inversa. A diacrónica necesita da selección dun punto no pasado para dar unha ollada cara o futuro. Non obstante, diversos autores argumentan que os dous métodos producen os mesmos resultados, preferindo o método sincrónico. Polo tanto, a resposta correcta sería a opción A, xa que non existe ningunha que



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





diga que A e C son correctas. A opción dada como correcta polo tribunal (diasincrónica) é un tipo específico dentro da sincrónica.

- **Preguntas número 22 e 53:** Solicita a anulación das preguntas, porque considera que quedan fóra do alcance dun auxiliar dunha biblioteca pública pois fan referencia a un tipo de publicacións periódicas moi específicas, tales como as revistas científicas, mais propias de bibliotecas especializadas, universitarias ou hemerotecas e, a uns índices moi concretos de avaliación de ditas publicacións. O expurgo no entra dentro das funcións do auxiliar de biblioteca.
- **Preguntas número 23 e 31:** Solicita a súa anulación porque a súa temática non está incluída en ningún dos temas recollidos nas bases da convocatoria.
- **Preguntas número 29, 35 e 37:** Solicita a súa anulación porque son demasiado específicas e están fóra do alcance e ámbito de traballo dun auxiliar de bibliotecas, entre cuxas funcións non está a de catalogación de materiais.
- **Pregunta número 30:** Solicita a súa anulación porque o seu anuncio resulta confuso. Unha cousa son os tipos de bibliotecas e outra os distintos espazos nos que se estruturan. A clasificación de bibliotecas dependerá do organismo polo que nos esteamos a rexer. Na pregunta non se especifica ningún ente, organismo ou persoa que dea a definición de "*bibliotecas tripartitas*".
- **Pregunta número 41:** Solicita a súa anulación porque as catro opcións de resposta que se dan son correctas segundo o indicado nos apartados f), g), h) e i) do artigo 10.2 da Lei de Bibliotecas de Galicia 5/2012.
- **Pregunta número 44:** Solicita a súa anulación porque os termos catalogación cooperativa e compartida son sinónimos polo que tanto a opción A como a B serían correctas. Unicamente se podería diferenciar un termo doutro si na pregunta se especificase que as bibliotecas participantes tivesen un acordo, entón a opción máis correcta sería a opción A (catalogación cooperativa).
- **Pregunta número 55:** Solicita a súa anulación porque as catro opcións de resposta son correctas. Que unha frase da resposta ou outra non inclúa a frase subordinada non as converte en erróneas.

14ª.- Escrito presentado por **Dª María Castro Gaspar**, con DNI número ***9580**, presentado por correo electrónico na data 02/12/2022, no que solicita que se anulen ou rectifiquen as preguntas referidas no escrito, computando as preguntas de reserva, que, ó non ser suficientes, solicita a anulación do exercicio e a súa repetición.

15ª.- Escrito presentado por **Dª Carolina Sobrado Bernárdez**, con DNI número ***5608**, presentado por correo electrónico na data 02/12/2022, no que solicita que se anulen ou rectifiquen as preguntas referidas no escrito, computando as preguntas de reserva, que, ó non ser suficientes, solicita a anulación do exercicio e a súa repetición.

16ª.- Escrito presentado por **Dª Soraya Rodríguez Úbeda**, con DNI número ***8314**, presentado por correo electrónico na data 05/12/2022, no que solicita que se anulen ou rectifiquen as preguntas referidas no escrito, computando as preguntas de reserva, que, ó non ser suficientes, solicita a anulación do exercicio e a súa repetición.





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

17ª.- Escrito presentado por **Dª Irene Aboy Quintela**, con DNI número ***6311**, presentado por correo electrónico na data 05/12/2022, no que solicita que se anulen ou rectifiquen as preguntas referidas no escrito, así como a anulación da totalidade da proba e a súa repetición.

Estudadas as referidas alegacións polo Tribunal Avaliador, este, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Non admitir a trámite as alegacións presentadas por Dª María Castro Gaspar, Dª Carolina Sobrado Bernárdez, Dª Soraya Rodríguez Úbeda e Dª Irene Aboy Quintela, ó non constar acreditado a súa presentación no rexistro municipal ou doutra Administración Pública, de conformidade co disposto na Base 8.3 das que rexen o proceso selectivo: *"En todos os casos, para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que consta a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal."*

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións ás preguntas cos números 2, 11, 13, 14, 15, 16, 18, 19, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 29, 30, 31, 34, 35, 36, 41, 42, 46, 49, 53, 54 e 55 polos motivos que se expoñen a continuación:

- **Pregunta número 2:** A pregunta basease no disposto no artigo 12.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, incluído no Título Primeiro "Do Poder Galego", Capítulo Primeiro "Do Parlamento" que fala da composición das Comisións en xeral, non de ningunha Comisión específica. No citado artigo dispónse o seguinte: *"O regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de Grupos Parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Voceiros daqueles. Os Grupos Parlamentarios participarán en todas as Comisións en proporción ó número dos seus membros."* Ningunha das opcións de resposta a esta pregunta (A, B, C) se corresponde co referido no citado apartado 4 do artigo 12 do Estatuto de Autonomía de Galicia, pois os partidos políticos con representación parlamentaria que sería a opción A das respostas dadas, non son o mesmo que os grupos parlamentarios, polo que a resposta que se considera correcta é a opción D "Ningunha resposta é correcta".
- **Preguntas números 11 e 13:** Na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal>, existe un apartado de "Recursos en Liña" e "Recursos para profesionais", onde hai información escrita, así como vídeos tutoriais subidos a youtube.com, nos que se ensina a usar o sistema KOHA. Así mesmo, tamén hai un apartado para estatísticas, onde, entre outras informacións, hai un documento denominado "Manual de Informes Estatísticos para Bibliotecas Integradas no Catálogo da Rede", onde se recolle a relación de informes Koha para as estatísticas. En concreto, no que se refire á pregunta número 11, a súa resposta ven indicada na páxina 8 do citado Manual. E no que se refire á pregunta número 13, a súa resposta ven indicada na páxina 9.





Os enlaces antes citados son de acceso público, calquera persoa pode acceder a eles para a súa formación e preparación, polo que non resulta certo que as preguntas fagan referencia a información de uso interno e de acceso único para persoal bibliotecario.

Por outra banda, cómpre dicir que a estatística é un requisito esencial para formar parte da Rede de Bibliotecas de Galicia, así como para recibir subvencións da Xunta de Galicia no programa de Novidades Editoriais, Mellora das Coleccións ou os programas de dinamización lectora “*Ler Conta Moito*”, por iso é importante que o persoal da biblioteca saiba recabar a información demandada e cumprimentala.

O auxiliar de biblioteca, como auxiliar administrativo, pode realizar todo o proceso da elaboración e presentación da estatística, ou en todo caso, recabar a información necesaria mediante os informes KOHA para que unha persoa de maior rango elabore o resto do proceso sobre os datos que o auxiliar baixa do programa.

- **Preguntas número 14, 15, 36, 42 e 54:** As preguntas sobre CDU non contiñan dificultade, malia seren as cifras propostas longas. Por exemplo: unha persoa con formación bibliotecaria, exerza ou non, así como un/unha opositor/a que estudase este tema do temario, sabe que o código CDU referido á literatura en relación á lingua na que está escrita é o 821. Se unha pregunta alude á literatura húngara, e as alternativas propostas son: a) 823.62.54.2; b) 825.326.21; c) 821.365.2; d) 826.02.32.2; o/a candidato/a con formación bibliotecaria ou que estudase o tema, recoñecerá que a resposta correcta é a opción c), tendo en conta só as tres primeiras cifras do código proposto, sen necesidade de coñecer especificamente o que corresponde á literatura húngara nin atender ao resto da numeración.

Isto é o que sucede coas preguntas obxecto de impugnación que estamos a tratar, cuxas respostas correctas son recoñecibles atendendo ás súas tres primeiras cifras, que aparecen recollidas nunha táboa breve, versión da CDU, da Axencia do ISBN, e que conta con 16 páxinas en total, sendo accesible para o público en xeral a través de internet. Ademais de que en calquera biblioteca municipal se pode atopar un manual de CDU sobre o cal o/a candidato/a poida preparar o tema en cuestión. As preguntas estaban pensadas para ser respondidas por descarte, non mediante un coñecemento exhaustivo dos códigos.

Por outra banda, cómpre indicar que dentro das funcións dun/dunha auxiliar de biblioteca atopámonos con algunhas delas para as que é necesario ter coñecemento da clasificación da CDU, non exhaustivo, pero si a certo nivel, como por exemplo para a colocación e ordenación de fondos, para poder localizar o documento que conteña a información sobre a temática que o/a usuario/a demande na súa atención ó/á mesmo/a, ou para a información bibliográfica básica.

- **Pregunta número 16:** A definición de “*Edición Falsa*” como “*Copia dunha edición orixinal*”, recóllese na páxina 495 do Volume 1 da obra “*Diccionario enciclopédico de ciencias de la documentación*” editado por José López Yepes, e publicado no ano 2004. Esta obra céntrase no núcleo temático que abarca as disciplinas e áreas de bibliografía, biblioteconomía, arquivística, tecnoloxías da información e a súa aplicación noutras disciplinas, e representa un meticuloso





traballo debidamente documentado que constitúe un excelente instrumento de orientación e consulta. Baseándonos no mencionado dicionario, a pregunta está correctamente formulada, sen ambigüidades, así como a opción de resposta dada como correcta.

- **Pregunta número 18:** Procede desestimar as reclamacións que se fan a esta pregunta baseándose en que a catalogación non é unha función propia dun/dunha auxiliar de biblioteca, xa que entre as súas funcións están as de organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada e rematada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinado os títulos uniformes, puntos de acceso, etc, cuestións ás que se referían as preguntas referidas.
- **Pregunta número 19:** Procede desestimar as reclamacións que se fan a esta pregunta baseándose en que a catalogación non é unha función propia dun/dunha auxiliar de biblioteca, xa que entre as súas funcións están as de organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada e rematada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinado os títulos uniformes, puntos de acceso, etc, cuestións ás que se referían as preguntas referidas.

Por outra banda, e en relación as reclamacións baseadas en que no enunciado da pregunta non se especifica a qué normas de catalogación se refire e que na enumeración de catro trompas nas respostas dadas como correctas é contraria ó o expresado no enunciado da pregunta que se refire a un instrumento solista, advírtese que a catalogación referíase a ISBD, xa que é a catalogación que se recolle no temario. Por definición, o termo solista refírese a: *"En un concierto, el solo es una sección para uno o más instrumentos solistas acompañados de una orquesta"*. Isto pode verse, ademais de en dicionarios de música, en internet en páxinas como <https://www.mundoclasico.com/articulo/512/Los-g%C3%A9neros-musicales-1>

- **Pregunta número 21:** Cando un/unha usuario/a se dá de alta nunha biblioteca municipal, o programa KOHA asígnalle un contrasinal que lle permite entrar directamente na OPAC da rede de bibliotecas de Galicia e en plataformas de préstamo electrónico como GaliciaLe ou eBlilio, pero non lle dá acceso directo a outras bibliotecas públicas como, por exemplo, a da Deputación da Coruña, xa que para iso ten que rexistrarse directamente na devandita biblioteca, onde lle asignarán un contrasinal. Isto pode verse na rede na páxina da Deputación: <https://www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info#quero>
- **Pregunta número 23:** Esta é unha pregunta relativa aos plans de dinamización lectora, que se inclúe no tema 16 da convocatoria: *"Actividades de animación de fomento da lectura na biblioteca"*, polo que non se comparten as afirmacións de que a citada pregunta esta fóra de temario.

Por outra banda, tanto na Orde do 09/03/2021 (DOG número 55 do 23/03/2021), como na Orde do 20/12/2021 (DOG número 14 do 21/01/2022) polas que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 e para o ano 2022, respectivamente, dispónse no





seu artigo 7 os requisitos que deben cumprir as entidades locais receptoras da axuda, dispoñendo no seu apartado b) “*Ter un horario de apertura ao público dun mínimo de 15 horas semanais*”, que se corresponde coa opción de resposta B) dada como correcta.

- **Pregunta número 24:** Esta pregunta procede da páxina 258 da obra “*Diccionario Enciclopédico de Ciencias de la Documentación*”, antes mencionada. Nela hai un tema referido ao ISBM e outros códigos similares de identificación. Na definición di que consta de 12 caracteres alfanuméricos, non aparece o autor, e identifica gravacións musicais independentemente do seu soporte. Polo que a resposta correcta é a opción A).

- **Pregunta número 25:** Esta pregunta refírese tanto a catalogar como a poder atopar libros dentro do catálogo. O encabezamento é un punto de acceso para atopar un documento. É dicir, unha palabra que nos leva a ese documento. Por exemplo, na obra de Paul Preston “*El holocausto español*”, debería terse en conta na catalogación poñer as palabras “*Guerra civil*” para si poder atopalo no programa como obra relativa a ese tema.

Como xa se ten indicado, entre as funcións dun/dunha auxiliar de biblioteca están as de organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada e rematada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinando os títulos uniformes, puntos de acceso, etc.

- **Pregunta número 26:** Na catalogación dun documento en KOHA, hai que consignar a data no apartado 005, o sistema asínaa por defecto ao clicar co cursor. O feito de non facelo así é motivo para que os documentos pasen ó repositorio. Polo que non se xera ningunha dúbida sobre a resposta correcta: a opción C.

Como xa se ten indicado a información sobre o programa KOHA ou sobre os manuais para a cumprimentación das estatísticas están na páxina oficial da Rede de Bibliotecas de Galicia: <https://rbgalicia.xunta.gal> . Concretamente para a catalogación hai vídeos titoriais subidos a youtube. Dentro da páxina hai que entrar no apartado “*Recursos para profesionales*” (chámase así pero o acceso é libre a calquera usuario), de aí éntrase en “*Manuel do uso do catálogo para profesionales*” que nos leva a “*Tratamento dos documentos*”, e desde aí a “*como catalogar documentos*”.

- **Pregunta número 27:** Esta pregunta é unha definición bibliográfica referida que se dá a unha sección dun documento relacionándoa co título do documento. É relativa á catalogación, e tamén está relacionada coa busca dunha fonte de información que está contida nun documento bibliográfico cun título distinto. Por exemplo, se un estudante de bacharelato solicita información para realizar un traballo sobre unha lingua do norte de Italia, e existe unha ponencia sobre a dita lingua recollida nun libro de actas sobre linguas minoritarias europeas, o auxiliar de biblioteca debe saber encontrar esa información, distinguindo o título da ponencia como sección do libro, e o título do libro en si.

E reitérase que, entre as funcións do auxiliar de biblioteca, están as de organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinando os títulos uniformes, puntos de acceso, etc.





- **Pregunta número 29:** Esta pregunta refírese á catalogación e ós fondos da biblioteca polo que se correspondería co tema 11 do temario da convocatoria. Non se comparte a alegación de que resulta demasiado específica, pois en numerosas bibliotecas, sobre todo nas dos municipios costeiros, as cartas marítimas forman parte dos documentos manexados habitualmente, mesmo para nenos que fan traballos escolares. E insítese que, entre as funcións do auxiliar de biblioteca, están as de organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinando os títulos uniformes, puntos de acceso, etc.
- **Pregunta número 30:** A definición de biblioteca tripartita recóllese nas páxinas 124 e 125 da obra *“Nuevas formas de organización y servicios en la biblioteca pública”* da autora María Ramona Domínguez Sanjurjo, editores Trea, ano de publicación 1996. Na referida obra dispónse o seguinte: *“2.3. La biblioteca tripartita. Este concepto de biblioteca, desarrollado en la biblioteca de Münster (Alemania) a comienzos de los años setenta, toma su nombre de la forma en que organiza sus fondos. Si en la biblioteca convencional se distinguen en cuanto a la forma de acceso a los fondos dos grandes zonas, una de libre acceso y otra de depósito, la biblioteca tripartita o biblioteca en tres partes (Die dreigeteilte Bibliothek) organiza sus fondos en tres sectores o zonas, y establece distintas formas de acceso para cada una de ellas. Esta forma de organización de los fondos gira en torno al usuario, a quien se considera la razón de ser de la biblioteca. Por ello, el establecimiento de tres zonas o sectores pretende ofrecer al usuario tres niveles de acercamiento o acceso distintos, de acuerdo con las diferentes necesidades y el tipo de fondos de que se trate. Además de las dos zonas de la biblioteca convencional, la biblioteca tripartita incluye una tercera zona, también de libre acceso, pero con unas características distintas. A continuación se señalan las características de los tres sectores que conforman este tipo de biblioteca. 2.3.1. Sector lejano (...) 2.3.2. Sector intermedio (...) 2.3.3. Sector cercano (...)”*
De conformidade co exposto e examinada a pregunta en cuestión, resulta que no seu enunciado non se aprecia ningunha ambigüidade que poida inducir á confusión á hora de elixir a resposta correcta.
- **Pregunta número 31:** Esta é unha pregunta relativa a adquisición de fondos que se inclúe no tema 7 da convocatoria: *“Proceso técnico: adquisición, ingreso e rexistro dos fondos en bibliotecas. Ordenación e xestión de depósitos”*, polo que non se comparten as afirmacións de que a citada pregunta está fóra do temario. É certo, sen embargo, que as axudas da Xunta de Galicia para a adquisición de fondos veñen reguladas por ordes anuais, pero non se comparte a alegación de que a súa non referencia ó ano concreto faga imposible a súa resolución, xa que a pregunta expónse facendo referencia expresa *“as normas vixentes”*.
- **Pregunta número 34:** Esta é unha pregunta de definición bibliográfica relacionada cos rexistros de autoridades, é dicir, o xeito de acceder a un libro ou outro documento mediante o seu título, materia de que trata, etc. A referencia bibliográfica desta pregunta é: JIMÉNEZ PELAYO, Jesús; GARCÍA BLANCO, Rosa, *“El catálogo de autoridades”*, Gijón, 2002, Trea, páxina 75.
- **Pregunta número 35:** Procede desestimar as reclamacións que se fan a esta pregunta baseándose en que a catalogación non é unha función propia dun/dunha auxiliar de biblioteca, xa que entre as súas funcións están as de





organizar, clasificar e catalogar. E aínda que a catalogación poida ser supervisada e rematada por un técnico superior, o/a auxiliar de biblioteca pode participar no proceso examinando os títulos uniformes, puntos de acceso, etc, cuestións ás que se referían as preguntas referidas.

- **Pregunta número 41:** Esta pregunta ten a súa base no artigo 10.2 da Lei 5/2012 do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, no que se enumeran as funcións da Biblioteca de Galicia, buscando co enunciado da pregunta a resposta que se refira a unha función que non corresponde á Biblioteca de Galicia. Das catro opcións de resposta, a resposta C) é a que recolle unha función que non corresponde á Biblioteca de Galicia, xa que o artigo 10.2 i) define como unha función deste órgano *“Xestionar e facilitar o acceso ás obras duplicadas e procedentes de expurgo das bibliotecas que integran o Sistema Galego de Bibliotecas, segundo os acordos e a normativa establecidos a tal efecto.”*; mentres que a resposta C) dispón *“Xestionar o acceso a obras procedentes de expurgo das bibliotecas galegas”*, e non todas as bibliotecas galegas forman ou teñen que formar parte do Sistema Galego de Bibliotecas.
- **Pregunta número 46:** Examinada a pregunta en cuestión resulta que, nin no seu enunciado nin nas súas respostas, se aprecia ningunha ambigüidade que poida inducir á confusión á hora de elixir a resposta correcta, que esta claro que é a opción B) xa que *“Autoridade”* é un área que non forma parte da norma ISBD.
- **Pregunta número 49:** Esta pregunta ten a súa base no artigo 3.1. da Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, que dispón no seu apartado 1.2. o seguinte: *“En función do seu uso, as bibliotecas poderán ser: (...) b) Bibliotecas de uso restrinxido: son aquelas bibliotecas que están ó servizo dunha institución ou grupo determinado de usuarios e usuarias. Teñen esta consideración as bibliotecas universitarias, as de centros de ensinanza e as especializadas nunha materia ou área de coñecemento, agás que os seus titulares voluntariamente non limiten o acceso ós seus fondos.”* Polo tanto considérase que a resposta correcta é claramente a opción D) que estima como correctas a resposta B) *“Teñen a consideración de bibliotecas de uso restrinxido”* e a resposta C) *“Están ó servizo dunha institución ou grupo determinado de usuarios e usuarias”*.
- **Pregunta número 53:** A bibliografía empregada volve a ser o *“Diccionario Enciclopédico de Ciencias de la Documentación”*, volume II, páxina 47, onde se define tal e como está consignado na resposta proposta. Polo que non se aprecia ningunha ambigüidade na resposta considerada como correcta.
- **Pregunta número 55:** O artigo 140 da Constitución Española dispón o seguinte: *“La Constitución garantiza la autonomía de los municipios. Estos gozarán de personalidad jurídica plena. Su gobierno y administración corresponde a sus respectivos Ayuntamientos, integrados por los Alcaldes y los Concejales. Los Concejales serán elegidos por los vecinos del municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, en la forma establecida por la Ley. Los Alcaldes serán elegidos por los Concejales o por los vecinos. La Ley regulará las condiciones en las que proceda el régimen del concejo abierto.”* A pregunta xa dispón expresamente que se basea no disposto neste artigo e a súa resposta máis completa e recollida expresamente no precepto mencionado é a opción A) que é a dada como correcta.





TERCEIRO.- Estimar as alegacións ás preguntas 12, 18, 20, 22, 32, 35, 44 e 51, polos motivos expresados a continuación:

- **Pregunta número 12:** O informe ó que fai referencia a pregunta non aparece na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal>.
Procede a anulación da pregunta e computar a 2ª pregunta das de reserva, en concreto a pregunta número 52.
- **Pregunta número 18:** Procede estimar as alegación que se basean en que existe un erro na preposición utilizada na opción de resposta que se da como correcta. Efectivamente na opción de resposta que se da como correcta pon “*da lingua*”, cando debería ser “*na lingua*”. Por tanto, a resposta correcta sería a opción D) “*Ningunha das respostas anteriores é correcta*”.
Procede cambiar a resposta dada como correcta, no lugar da opción de resposta B), sería a opción de resposta D).
- **Pregunta número 20:** Apreciase que tanto a resposta B) (*Obsolescencia diasincrónica*) que se dou como correcta, como a opción de resposta C) (*Obsolescencia diacrónica*) son válidas.
Procede a anulación da pregunta e computar a 3ª pregunta das de reserva, en concreto a pregunta número 53.
- **Pregunta número 22:** Existen contradicións na bibliografía empregada á hora de determinar con claridade a resposta correcta. Por tanto, a resposta correcta sería a opción D) “*Ningunha resposta é correcta.*”
Procede cambiar a resposta dada como correcta, no lugar da opción de resposta A), sería a opción de resposta D).
- **Pregunta número 32:** O ISBN non afecta ó préstamo e o depósito legal, si.
Procede a anulación da pregunta e computar a 4ª pregunta das de reserva, en concreto a número 54.
- **Pregunta número 35:** Apreciase que a opción de resposta correcta é a D) no lugar da opción de resposta C).
Procede o cambio de resposta no sentido referido.
- **Pregunta número 44:** Apreciase que a opción de resposta B) (*Catalogación compartida*) que se dou como correcta, é sinónimo de “*Catalogación cooperativa*” que é a opción de resposta A), o que xera unha confusión evidente á hora de determinar a resposta correcta.
Procede a anulación da pregunta e computar a 5ª pregunta das de reserva, en concreto a número 55.
- **Pregunta número 51:** O informe ó que fai referencia a pregunta non aparece na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal>.
Procede a anulación da pregunta. Como é unha pregunta das de reserva non procede computar ningunha outra.

CUARTO.- Que se publique no taboleiro de anuncios (sede electrónica), e na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) a resolución das reclamacións presentadas.





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

QUINTO.- De conformidade co disposto na Base 8ª, apartado 8.1, que dispón que: “Unha vez realizado o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e, de ser posible, na páxina web do Concello, fixando, así mesmo, a data de realización do segundo exercicio. Unicamente se publicará a relación e cualificación dos/as aspirantes que superaron cada exercicio, e resto terá a cualificación de “NON APTO/A”, procede a publicarse a cualificación do aspirante que superou o primeiro exercicio da oposición:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Cualificación
33	Fernández Callón Xoán Xosé	***3039**	9,4

SEXTO.- Revisar as cualificacións outorgadas ós/ás aspirantes presentados/as ó abeiro do resultado das reclamacións presentadas.

SÉTIMO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes admitidos/as e presentados/as a este proceso selectivo as cualificacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da oposición, unha vez realizada a revisión tralo resultado das reclamacións presentadas:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Cualificación
1	Aboy Quintela Irene	***6311**	Non apta
2	Acción Veiga Antía	***4284**	Non presentada
3	Acosta González Guillermo	***6010**	Non presentado
4	Álvarez Alamo Rodrigo	***2545**	Non presentado
5	Amado Quinteiro Juan Luis	***1363**	Non apto
6	Amoedo Fernández Eva María	***1938**	Non presentada
7	Balboa Díaz, Rosalía Guadalupe	***7541**	Non presentada
8	Barca Pérez Desiré	***8612**	Non apta
9	Barreiro Capón José	***9669**	Non presentado
10	Bascoy García Noemí	***0495**	Non apta
11	Becerra Bermúdez Brais	***4168**	Non apto
12	Bouzas Rosende Daniel	***7829**	Non apto
13	Brea Bermejo Clara	***7148**	Non apta
14	Brey Hermo Laura	***8958**	Non presentada
15	Caeiro Viturro Sara	***0907**	Non apta
16	Cajigal Faginas Sara	***6566**	Non presentada
17	Calles Alonso Brais	***6532**	Non apto
18	Cao Sousa Gonzalo	***3241**	Non apto
19	Carrera Barciela Miguel	***5947**	Non presentado
20	Carril Rivadulla Mirian	***0796**	Non apta
21	Cascallar Agrelo Manuel	***9863**	Non presentado
22	Castro Gaspar María	***9580**	Non apta
23	Castro Paredes Inmaculada	***8632**	Non apta
24	Cons Pequeño Antía	***9036**	Non apta
25	Cores Ces María Fernanda	***3678**	Non presentada
26	Domínguez Ouviaña Javier	***8925**	Non apto
27	Domínguez Torres José Francisco	***0047**	Non presentado
28	Esperante Rodríguez Sara	***1347**	Non apta





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

29	Espiño Varela Ana	***1304**	Non presentada
30	Estévez Taboada Jessica	***8216**	No apta
31	Fariña Fernández Carmen	***0587**	Non apta
32	Fernández Arcos Ruth	***8365**	Non presentada
33	Fernández Callón Xoán Xosé	***3039**	8,6
34	Fernández Pérez Cristina	***5973**	Non presentada
35	Fernández Sánchez Beatriz	***3988**	Non presentada
36	Fernández Vázquez Manrique	***1862**	Non apto
37	Filgueira Ayaso Francisca	***5399*	Non presentada
38	Froiz Casal Luis Eduardo	***4539**	Non apto
39	Galvez Fernández Monserrat	***3725**	Non apta
40	García Couso M ^a de los Ángeles	***2911**	Non apta
41	García Portela Lía	***5889**	Non apta
42	García Varela Raquel	***4186**	Non apta
43	Gómez Lojo María Melissa	***8495**	Non presentada
44	Gondar Portela Antía	***2153**	Non apta
45	González Pouso Mónica	***3165**	Non apta
46	González Reiriz Marta	***9670**	Non apta
47	Gutiérrez Puente Ana Belén	***3493**	Non apta
48	Hernández Santomé Ana Cristina	***3743**	Non apta
49	Herráez Sánchez Patricia	***3844**	Non apta
50	Iglesias Martínez Sara	***8199**	Non presentada
51	Jamardo Lorenzo Iris María	***0930**	Non presentada
52	Lage Fernández Noelia	***6142**	Non apta
53	Laranga Martís Irene	***8246**	Non presentada
54	Lázaro Martínez Daniel	***6560**	Non apto
55	Lema Salvado Carlos	***4508**	Non presentado
56	López Boo Paula María	***5495**	Non apta
57	López Méndez Gloria	***0490**	Non apta
58	López Varela Mariña	***3830**	Non apta
59	Losada Roca Olalla	***1112**	Non presentada
60	Lozano Luengo Sabela	***3114**	Non apta
61	Luis González Paula	***2513**	Non presentada
62	Maneiro Liñares Alberto	***2878**	Non presentada
63	Martínez Zaragoza Ángela Coral	***9172**	Non apta
64	Méndez Cordeiro María Elena	***1629**	Non apta
65	Merino Mouriño Patricia	***7967**	Non apta
66	Merlán Casal Alejandro	***0946**	Non apto
67	Míguez Romero Carla	***7099**	Non presentada
68	Mójica Arca Angélica	***3024**	Non apta
69	Montes Crespo Beatriz	***0450**	Non presentada
70	Moreiras Ferreirós Aine	***2760**	Non presentada
71	Noya Vázquez Bibiana	***3495**	Non presentada
72	Obelleiro González Silvia María	***1916**	Non presentada
73	Ordóñez Triñanes Cristina	***0873**	Non presentada
74	Orosa López Cristina Elena	***8110**	Non presentada
75	Otero Pérez Javier	***8730**	Non apto



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E7001094FE00A2Y3R8H0N1A1





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

76	Paratcha Vázquez Alberto	***5539**	Non apto
77	Parente Moreira Sara	***5684**	Non presentada
78	Paz González Elena	***9613**	Non apta
79	Pazos Soto Paula	***0905**	Non apta
80	Peón González Fernando	***3365**	Non presentado
81	Pérez Calvete Cristina	***5751**	Non presentada
82	Pérez García Lucía	***8010**	Non presentada
83	Pérez Laiño Laura	***8810**	Non presentada
84	Pérez Prol María	***3903**	Non apta
85	Portoles Argüelles Lara Francisca	***6632**	Non apta
86	Poveda Arnejo Concepción	***8078**	Non apta
87	Rey Gascón Ana Laura	***2600**	Non apta
88	Riveiro Fernández Sara	***9895**	Non apta
89	Rodríguez Aranda Andrea	***6995**	Non presentada
90	Rodríguez Jamardo Javier	***0669**	Non apto
91	Rodríguez Piñeiro María Jesús	***1014**	Non presentada
92	Rodríguez Quintás Vicente	***2862**	Non apto
93	Rodríguez Souto Sara	***3502**	Non apta
94	Rodríguez Úbeda Soraya	***8314**	Non apta
95	Rojo Pereira Luis Miguel	***2999**	Non presentado
96	Romero Jiménez Xiana	***5009**	Non apta
97	Romero Outeiral Sandra	***3693**	Non presentada
98	Romero Ruoss Deborah Inés	***0822**	Non presentada
99	Rosales Pérez Alicia	***3044**	Non apta
100	Sampedro Paz María Dolores	***8210**	Non presentada
101	Sampedro Pereira Alexandra	***8568**	Non apta
102	Sampedro Rivas Ana	***8809**	Non apta
103	Sánchez Taboada Lucas	***9802**	Non apto
104	Sanjurjo Fernández María del Carmen	***1384**	Non presentada
105	Santamaría Caamaño Ramón Damián	***8963**	Non apto
106	Santos Millet Mª Dolores	***5143**	Non presentada
107	Savio Cereijo Verónica	***3031**	Non presentada
108	Silva de Jesús Glecieles	***5842**	Non presentada
109	Sío Docampo José Manuel	***1109**	Non apto
110	Sobrado Bernárdez Carolina	***5608**	Non apta
111	Suárez-Puerta Colomer Francisco	***8390**	Non presentado
112	Taibo Rodríguez Natalia	***3860**	Non presentada
113	Terzado López Cristina	***9258**	Non presentada
114	Tierra González Ana María	***6006**	Non presentada
115	Tubío Hermo María	***0305**	Non apta
116	Varela García-Amorena Susana	***9758**	Non apta
117	Varela Pereiro Patricia	***2869**	Non presentada
118	Vázquez García Paula	***4630**	Non apta
118	Vázquez Ocampo Diego	***5085**	Non apto
120	Vidal Martínez Cristina	***1022**	Non apta
121	Vigo Rodríguez Isabel	***6762**	Non presentada
122	Vila Castro Inés	***3449**	Non presentada



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL





OITAVO.- Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina web oficial (www.ribeira.gal) os resultados antes referidos.

NOVENO.- Convocar ó aspirante que superou o primeiro exercicio da oposición para que o día 24 de maio de 2023, ás 12:30 horas se presente no Centro Cultural Manuel Lustres Rivas, sito na Rúa Manuel Lustres Rivas, nº 21, co obxecto de proceder á realización do segundo exercicio da fase de oposición.

O aspirante acudirá provisto do seu Documento Nacional de Identidade.

DÉCIMO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde do/a Presidente do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 04/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 04/05/2023 12:42:47

EXPEDIENTE ::
2021BIBL000001

Fecha: 30/09/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

